



## II Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial en Galicia

### Deseño estratéxico para a innovación centrada nas persoas

Venres  
**28 de xuño**  
2019

**CIS Tecnoloxía  
e Deseño**  
Ferrol

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), organiza o II Encontro do Programa de Deseño para a Innovación 2020, orientado a potenciar o deseño no tecido empresarial galego como motor de innovación e competitividade. Nesta edición, o foco ponse no deseño como ferramenta estratéxica para a innovación centrada nas persoas.

Este encontro celébrase por segundo ano consecutivo, no marco do Día Mundial do Deseño Industrial, e ten como obxectivo mostrar a importancia da integración do deseño de maneira estratéxica nas empresas e nas organizacións.

Tradicionalmente, o deseño veuse concibindo como a parte final dun proceso que posibilita a creación de produtos e servizos, cunha importante carga estética. Actualmente, as empresas comezan a interiorizar a necesidade de integrar o deseño de maneira estratéxica, ante a evidencia de que é a mellor maneira de crear **propostas de valor que teñan en conta as persoas**.

A **creación de innovacións relevantes e competitivas** son, en consecuencia, capaces de transformar non só os negocios senón a propia sociedade, e pasa, necesariamente, por poñer as persoas no núcleo dos procesos. **O deseño achega as metodoloxías e as ferramentas para afrontarnos a este tipo de retos empresariais e sociais**.

O encontro ofrecerá as claves da importancia que adquire o deseño estratéxico nunha organización madura, senón tamén **cara a onde evoluciona a profesión dos deseñadores e das deseñadoras e as necesidades que van ter as empresas**.

No espazo do CIS Tecnoloxía e Deseño mostraranse unha **selección de proxectos realizados polos protagonistas deste encontro**, así como o proxecto da materioteca presentado neste mesmo mes de xuño.


#### Programa

---

09.45 – 10.15 h Rexistro de asistentes.

10.15 – 10.30 h Apertura do encontro por **Francisco Conde**, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.


10.30 – 10.40 h Presentación da publicación **O deseño como motor. Casos de éxito** por **David Barro**, director da Fundación DIDAC (Instituto do Deseño e das Artes Contemporáneas).



10.40 – 11.15 h **Iván Mato**, director creativo de **Jones Knowles Ritchie**, e ex-director creativo de empresas como **Nokia** e axencias como **Forpeople Ltd.**, Londres.

**“5X: As cinco funcións fundamentais do deseño nunha organización”.**

Iván Mato é director creativo de **Jones Knowles Ritchie**, unha axencia global de deseño de marcas con estudos en Londres, Nova York, Singapur e Shanghai. En **JKR Londres**, Iván lidera proxectos de estratexia, identidade e experiencia de marca; comunicación verbal e visual; deseño de produtos dixitais, animación e vídeo para grandes empresas e ambiciosas startups. Iván é un pioneiro do desenvolvemento áxil de marca e cre na mellora continua do proceso de deseño a través da participación do usuario final, a colaboración continua co cliente e os enfoques multidisciplinares. Entre outros, Iván traballou en proxectos de creación ou desenvolvemento de marcas para NIO, YAMAHA, Nokia, Mars Incorporated, The National Lottery, Carwow, Intercontinental Hotels Group, Siemens, Deutsche Bank, Panasonic, Cunard e Fujitsu. Iván desenvolveu a súa carreira en consultorías como Forpeople, Start JG, Interbrand, Saffron e OPX e In-House en Nokia Design. O seu traballo foi premiado por D & AD, Clio Awards, Type Directors Club e Art Directors Club de Nova York, Design Week Awards e Red Dot Design Awards.



11.15 – 11.50 h **Coca Rivas**, directora de estratexia e deseño de servizos en **dxw dixital**.

**“Estratexias dixitais para o deseño de servizos”.**

Coca Rivas, galega afincada en Londres. Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo e MBA polo Instituto de Empresa (IE). Foi unha das primeiras integrantes do orixinal e emblemático equipo de transformación dixital do Goberno do Reino Unido: o Government Dixital Service (GDS). Durante esta etapa, traballou como consultora interna do GDS noutras unidades dentro do Goberno do Reino Unido: desde a Cabinet Office ata o Ministerio de Xustiza. En todas elas, contribuíu ao desenvolvemento dos estándares do goberno e liderou procesos de transformación dixital, traballo que lle valeu o recoñecemento como especialista no redeseño de servizos do goberno na era dixital e na creación de equipos internos dixitais. En setembro de 2016, empezou a traballar para a empresa de tecnoloxía francesa Sopra Steria, como *Head of Service Design England*, onde xestionou un equipo de deseñadores e deseñadoras de experiencia do usuario. Desde xuño de 2018, é directora de estratexia e deseño de servizos en dxw dixital, no Reino Unido, empresa que traballa co sector público para investigar, deseñar, construír e operar servizos que melloren a vida das persoas.

11.50 – 12.10 h **Pausa-café**



12.10 – 12.45 h **Isaac Piñeiro**, deseñador cofundador de **Nadadora** e fundador de **Isaac Piñeiro Design Studio**.

**“Design Works. Cando o deseño funciona”.**

O principal obxectivo do deseñador Isaac Piñeiro é crear produtos intuitivos baseados na procura da eficiencia na concepción, produción e deseño. Tras unha frutífera carreira como cofundador do estudio de deseño multidisciplinar Nadadora, en 2017 comeza unha nova etapa coa creación de Isaac Piñeiro Design Studio, para continuar desenvolvendo proxectos de deseño de produto.


Despois de graduarse na EASD Mestre Mateo de Santiago de Compostela, Isaac Piñeiro trasladouse a Valencia onde estudou deseño de produto, para continuar a súa formación na Scuola Politécnica di Milano, onde tivo a oportunidade de aprender de profesionais como Odoardo Foiravanti, Huub Ubbens ou Matali Crasset.

Isaac Piñeiro ten deseñado para firmas como Sancal, Pott, Ferrero Italia, Mobenja ou Omelette Editions. O seu traballo foi publicado e exhibido en varios medios de comunicación, museos e feiras internacionais. Un dos seus últimos recoñecementos foi o premio Best of the Year 2017 da revista *Interior Design Magazine* pola súa colección de asentos Tortuga.

12.45 – 14.15 h **Casos de éxito. Diálogos entre deseñadores e deseñadoras e empresas de éxito nas que o deseño está integrado na súa estratexia empresarial.**

12.45 – 13.30 h **Manuel Vázquez**, consultor de deseño estratéxico e innovación de **Soulsight**, e **Albert Vidal**, experto en modelos de innovación para **Sparklab** (laboratorio de innovación de **Nationale-Nederlanden**).

**“O deseño estratéxico. Un proceso transversal para a competitividade das empresas. O caso de Nationale-Nederlanden”.**



Manuel Vázquez, galego afincado en Madrid, é licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo e Master Fine Arts (MFA) no Central Saint Martins School of Art&Design de Londres. Actualmente, é parte do equipo de Deseño Estratéxico e Innovación de Soulsight desde 2015. Con anterioridade, foi socio de innovación e deseñador principal na división de innovación de Altran, docente no Instituto Europeo de Deseño (IED) e director de comunicación en Legrand España. Nos últimos 10 anos, liderou proxectos de innovación en BBVA, Mapfre, Ferrovial, Iberdrola, Roche, Nationale Nederlanden, Orange, Media Markt e Repsol, entre outros.

Manuel Vázquez ten tamén unha importante traxectoria como artista contemporáneo. Na actualidade, compaxina a súa actividade artística e o traballo en Soulsight investigando e integrando os procesos creativos de arte, deseño e negocio.



Albert Vidal é experto en procesos de *Venture Design* e modelos de innovación. Actualmente forma parte de Sparklab, o laboratorio de innovación de Nationale-Nederlanden. Traballou nunha gran variedade de sectores e o seu paso por empresas de consultoría como Accenture, EY e Barrabés permitiulle desenvolver un perfil multidisciplinar, unindo creatividade, tecnoloxía e negocio para deseñar novas propostas de valor que sexan relevantes para as persoas e as empresas. Entre os clientes para os que traballou, destacan Zúric FS, Parc Científic de Barcelona, Naturgy, o Grupo Baskonia-Arabés e LaLiga.

13.30 – 14.15 h **Nuria Carballo**, diseñadora, directora creativa e fundadora do **Unconventional London** e **José Valladares**, arquitecto do estudio **rvr arquitectos** e director do departamento de obra civil da empresa **Martínez Otero**.

**“Pensamento creativo na estratexia de negocio”.**



A galega Nuria Carballo é diseñadora e directora creativa cun perfil de experiencia internacional en varios sectores como creadora de novas ideas, conceptos e marcas audaces. Destacan os seus traballos para grandes e pequenas empresas como Timberland, Chanel, Evian, Heineken, Havaianas, Omni Singapore, Amanda Wakeley, Abengoa e Acciona. Traballou con axencias e consultores como Dentsu (Xapón), TBWA (Nova York), Price Waterhouse Coopers (Europa), Tradeco (Sanghai), Terra Firma (Londres) ou AGC Equity Partners (Londres).

O estudio do que é fundadora, Unconventional London é unha firma de innovación, deseño e comunicación con sede en Londres e oficinas en Nova York, Shangai, Madrid e Lisboa. Nuria Carballo está especializada no pensamento creativo, a estratexia de marca, a xestión de marca, a xestión da innovación e o desenvolvemento de conceptos.



José Valladares é arquitecto do estudio rvr arquitectos —xunto a Alberto Redondo e Marcial Rodríguez— e dende 2013, en paralelo co seu traballo dentro de rvr arquitectos, é director do departamento de obra civil da empresa Martínez Otero. A súa actividade abarca diversos ámbitos e escalas, entre os que, ademais dos proxectos de edificación, destacan os traballos relacionados coa intervención no territorio e a paisaxe, o deseño e a renovación do espazo público, a protección do patrimonio e a rehabilitación. Entre os seus traballos destacan o Parque arqueolóxico e Centro de interpretación e documentación da arte rupestre de Campo Lameiro en Pontevedra —V Premio Enor Galicia—, a adecuación da contorna do Faro de Fisterra —XII Premio COAG de Arquitectura— ou o Bosque de Galicia e Xardín do Teatro do Monte Gaiás en Santiago —II Premios nacionais Arquitectura con Ñ, Arquitectura S+ ao mellor proxecto de espazo público—.

14.15 h Clausura do encontro por **Patricia Argerey**, directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN).

14.30 h **Aperitivo Networking.**